Weigela florida (Bunge) A. DC., 1839

- veixela
- veigela
-
- weigèlia
- weigela
- veigela, eugénias



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISIÓN	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Tracheophyta	**Magnoliopsida**	**Dipsacales**	**Caprifoliaceae**	***Weigela***

ORIXE

A China.

CARACTERÍSTICAS

Arbusto de ata 3 m, con pólas e 2 cristas pilosas cando son novas. Follas elípticas, oblongo-lanceoladas ou obovadas de 4-6 × 1,5-3 cm, ápice acuminado, base cuneada e marxe redondeada pouco serrada. A superficie superior é escasamente pilosa con nervadura central e veas densamente pilosas; a superficie inferior é densamente pilosa na nervadura central e nas veas. Flores solitarias. Pedicelo de 1-1,5 cm, piloso. Tubo do cáliz lobulado, radialmente simétrico e lanceolado. Corola en forma de funil que se ensancha gradualmente desde a base, vermello-rosada escura no exterior, vermella máis clara no interior. Estames máis longos cá corola. Estilo longo e glabro. Froito cilíndrico, curvo, de 2-2,5 cm, con dehiscencia do ápice, glabro. Sementes oblongas, de 1,5 mm de longo, con cristas anguladas. Florece de maio a xuño.

HÁBITAT

Bosques mixtos e matogueiras. Prefire os solos lixeiros, ben drenados, neutros e mesturados con turba. Desde os 100 ata os 1500 m de altitude.

DISTRIBUCIÓN

Asia oriental. Cultivada en xardíns de climas temperados en Europa e América.

CURIOSIDADES

Úsase principalmente como planta ornamental en xardinería grazas ás súas vistosas flores e follas que atraen polinizadores e son resistentes á contaminación.